



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O CENTRO DE ESTUDIOS MEGA,S.L. E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS INCLUIDAS NO PROGRAMA FORMATIVO DE ALUMNOS DOS CURSOS AFD 2016 (Accións Formativas para Desempregados), segundo as bases reguladoras da orde de 29 de decembro de 2015.

Vigo, 3 de outubro de 2016

REÚNENSE:

Por unha parte, D. Santos Hector Rodríguez Díaz, concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en representación do Concello de Vigo, con enderezo social na Praza do Rey, nº 2 de Vigo, C.P. 36202 e CIF: P-3605700H, en virtude da delegación conferida por decreto de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015.

Da outra, D^a Emma Martíns Garbín, directora do centro de **Estudios MEGA, S.L.**, con CIF B-36.964.542 y domicilio en r/ Santa Marta nº5 de Vigo, CP 36202, que actúa en nome e representación da mesma inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra, por D. Francisco Fernández Iñigo, por tempo indefinido en el Tomo: 3151, Libro: 3151, Folio: 217, Hoja: PO-39063, Inscripción: 1^a.

Ambalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para os efectos,

EXPOÑEN

Que ámbalas partes recoñécense recíprocamente capacidade e lexitimidade para acordar.

Que o obxecto do presente acordo é a colaboración entre as entidades ás que representan para o desenvolvemento das Prácticas dos alumnos dos cursos AFD, segundo as bases reguladoras da Orde de 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

ACORDAN

Subscribir o presente acordo de colaboración para o desenvolvemento da formación en centros dependentes do Concello de Vigo para o alumnado do curso de **“Operaciones Auxiliares de Montaje y Mantenimiento de Sistemas Microinformáticos” IFCT0108_1** do Plan AFD 2016.

CLÁUSULAS

Primeira.- O alumnado do curso de “Operaciones Auxiliares de Montaje y Mantenimiento de Sistemas Microinformáticos” do Plan AFD desenvolverá actividades formativas durante 80 horas, programadas nos servizos e centros dependentes do Concello de Vigo, sen que isto implique relación laboral algunha con esta institución; ésta será, polo tanto, estritamente académica.

As prácticas non serán recompensadas economicamente a ningún alumno.



Segunda.- O Concello de Vigo colaborará na formación do alumnado do curso de "Operaciones Auxiliares de Montaje y Mantenimiento de Sistemas Microinformáticos", sen que en ningún momento poida verse afectado o seu normal funcionamento.

Terceira.- Calquer accidente que un dos alumnos poida sufrir dentro ou fóra do Concello de Vigo estará cuberto por un SEGURO DE ACCIDENTES e unha PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL a favor do alumno/a, contratada polo **CENTRO DE ESTUDIOS MEGA,S.L.**, e que comprenderá todo o período de prácticas. O alumno, baixo ningún concepto, poderá reclamar responsabilidades ao Concello de Vigo.

O Concello de Vigo, en ningún caso, asumirá un gasto derivado do presente Convenio, nin de danos e perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias do Concello de Vigo.

Cuarta.- De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal, non revelará a persoa allea á empresa/entidade información da que tiveran coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas; obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de secreto fronte á empresa/entidade, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puidesen derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto o estudante asinará coa entidade un documento no que se obrigue a cumprir o deber de secreto antes citado.

Quinta.- A entidade responsable da docencia fará un seguimento do alumno en coordinación co responsable por parte do Concello de Vigo, Francisco Javier Gutiérrez Orúe.

Sexta.- Número de prazas

O Concello de Vigo acollerá ao alumno **D. Modesto Vega Filgueira**, con DNI. 36.062.393A, do **CENTRO DE ESTUDIOS MEGA,S.L.** en calidade de estadia de prácticas do curso "Operaciones Auxiliares de Montaje y Mantenimiento de Sistemas Microinformáticos".

A alumna non terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.

Sétima.- Número de horas e horario

Todas as xornadas de prácticas realizaranse dentro do horario de 07,30 a 15.30 horas, desde o día 22 de novembro, martes, ata o 12 de decembro, luns, de 2016; según acordo do **CENTRO DE ESTUDIOS MEGA,S.L.** e o Concello de Vigo.

Oitava.- O presente acordo poderase extinguir por finalización do tempo convidado e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas e que se lle deberá comunicar a outra cunha antelación mínima de cinco días, baseada nalgunha das seguintes causas:



a) Cesamento de actividades do centro docente ou dos centros dependentes do Concello de Vigo.

b) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.

c) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración, inadecuación pedagóxica das prácticas formativas ou vulneración das normas que estean en cada caso vixentes en relación coa realización das actividades programadas.

d) Mútuo acordo entre o **CENTRO DE ESTUDIOS MEGA,S.L.**, adoptado pola súa dirección, e o Concello de Vigo, adoptado pola súa parte. Igualmente poderase rescindir para un alumno ou grupo deles, por calquera das partes asinantes, e ser excluído da súa participación no acordo por decisión unilateral do Centro de Formación ou do Concello de Vigo, ou conxuntamente de ambos os dous, nos seguintes casos:

- 1) Falta de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas á realización das prácticas.
- 2) Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento, tras unha audiencia coa persoa interesada.

O alumno aceptará que en calquer momento se lle poida requirir que abandone definitiva o temporalmente as dependencias do Concello, sen que poida esixir ningún tipo de indemnización, previa comunicación ao **CENTRO DE ESTUDIOS MEGA,S.L.**

Novena.- O presente acordo entrará en vigor durante o presente ano 2016, sen prexuízo de que se prorrogue automaticamente para os vindeiros anos, se non é denunciado por algunha das dúas partes.


E, en proba de conformidade, asinan as partes o presente convenio no lugar e data indicados ao comezo.

POLO CONCELLO DE VIGO
O concelleiro de Emprego, Economía, Industria,
Voluntariado e Relacións con Sindicatos
(Delegación de Competencias de Alcaldía de
19/06/2015 e Acordo da X.G.L.de 19/06/2015)



Santos Hector Rodriguez Diaz

POLO CENTRO DE ESTUDIOS
CEICA, S.L.
A Directora



Emma Martins Garbin